ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 30 DE MARZO DE 2023

No Salón de sesións da Casa do Concello, a 30 de marzo de 2023, sendo as 20:00 horas, ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa Dª. Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa (voceira)
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. Santiago Franco Blanco
D. José Ramón Lorenzo Carou
D. Juan Francisco Sánchez López

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D.ª Alicia María Souto Ramos (voceira)
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo Mixto
D. David Carro Temprano (BNG)

Non asiste a Sra. concelleira D.ª María Arca Nieto do grupo municipal do Partido Popular.

Foron asistidos pola interventora municipal, Dª. Laura Gutiérrez Ortiz e pola secretaria xeral, Dª. Ana María Cacharrón Castelos.

Aberta a sesión, os/as asistentes pasaron a estudar os asuntos incluídos na **orde do día:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.
2. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, 4º TRIMESTRE DE 2022.
3. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2022. EXPEDIENTE. 2023/T019/000001.
4. DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO ANO 2022, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS. EXPEDIENTE. 2023/T019/000001.
5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL INTERNO AO ABEIRO DO ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, DO 28 DE ABRIL. EXPEDIENTE. 2023/T019/000001.
6. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2022, CUARTO TRIMESTRE.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPEDIENTE. 2020/C004/000004. ACORDOS QUE PROCEDAN.
8. APROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL OITAVA DAS NNSS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE BERGONDO MODIFICACIÓN DO ÁMBITO DE GANDARÍO A ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE 3 DE MARZO DE 2023 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTES: 2017/X999/000113- 2019/U032/0000003.
9. APROBACIÓN DO PADRÓN ACTUALIZADO A 31/12/2022 DOS USUARIOS DOS SERVIZOS DE ABASTECEMENTO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO.
10. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.
11. EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2023 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1_SC.
12. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE BERGONDO 2023-2025.
13. ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ. ACORDOS QUE PROCEDAN.
14. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AOS MONTES DO GATO.
15. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP0812.
16. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE O TÚNEL DE A FRAGA (CORTIÑÁN).
17. MOCIÓN DO GRUPO PP SOBRE OS PLANS DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO.
18. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.
19. MOCIÓNS URXENTES.
20. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes as sesións ordinaria do 26 de xaneiro e extraordinaria do 13 de febreiro de 2023, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. Alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á ditas actas.

Non formulándose observacións, postas a aprobación das actas da sesións ordinaria do 26 de xaneiro de 2023 e extraordinaria do 13 de febreiro de 2023, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbanse as referidas actas.

2. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, 4º TRIMESTRE DE 2022.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. Concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2022. EXPEDIENTE. 2023/T019/000001.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio 2022 no que se inclúe, entre outros, o Decreto de Alcaldía núm. nº 180/2023, do 14 de febreiro, polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrito literalmente di:

"Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña), dicta a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: LIQUIDACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL ANO 2022

EXPEDIENTE: 2023/G003/000195

En virtude do establecido no artigo 191 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elaboración da liquidación do orzamento municipal do ano 2022, previo informe da Intervención municipal, polo que, sendo competencia desta Alcaldía a súa aprobación, ***R E S O L V O:***

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación de gastos e ingresos do orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2022, e que mostra o seguinte resumo:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2022.

CONCEPTOS	***DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS***	***OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS***	***AXUSTES***	***RESULTADO ORZAMENTARIO***
a.- Operacións correntes	*8.060.752,63*	*6.681.591,86*		*1.379.160,77*
b.- Operacións de capital	*1.232.402,14*	*2.153.287,44*		*-920.885,30*
1. Total operacións non financeiras (a+b)	*9.293.154,77*	*8.834.879,30*		*458.275,47*
c) Activos financeiros	*3.880,73*	*4.980,08*		*-1.099,35*
d) Pasivos financeiros	*0,00*	*0,00*		*0,00*
2. Total operacións financeiras (c+d)	*3.880,73*	*4.980,08*		*-1.099,35*
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I=1+2)	*9.297.035,50*	*8.839.859,38*		*457.176,12*
AXUSTES				
3. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			*1.779.505,08*	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			*386.825,87*	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			*1.313.721,53*	
II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)			*852.609,42*	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				*1.309.785,54*

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.

COMPOÑENTES	*IMPORTES ANO*	
1. Fondos líquidos		*6.936.309,14*
2. Dereitos pendentes de cobro		*160.661,34*
+ do orzamento corrente	*122.217,51*	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

+ de orzamentos cerrados	*0,00*	
+ de operacións non orzamentarias	*38.443,83*	
3. Obrigas pendentes de pago		*430.674,28*
+ do orzamento corrente	*73.747,61*	
+ de orzamentos cerrados	*0,00*	
+ de operacións non orzamentarias	*356.926,67*	
4. Partidas pendentes de aplicación		*-19.101,86*
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	*19.186,06*	
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	*84,20*	
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)		*6.647.194,34*
II. Saldos de dubidoso cobro	*0,00*	
III. Exceso de financiación afectada		*48.272,16*
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		*6.598.922,18*

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2022.
- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente..... 122.217,51 euros.
- Obrigas pendentes de pago orzamento corrente..... 73.747,61 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.
- Comprometidos.....1.005.783,42 euros.
- Non comprometidos..... 2.870.838,08 euros.

SEGUNDO.- Dar conta ó Pleno municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2022 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En Bergondo, martes 14 de febreiro de 2023. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos"

O Pleno queda enterado.

4. DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO ANO 2022, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS. EXPEDIENTE. 2023/T019/000001.

Dáse conta aos/ás asistentes dos reparos sinalados neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL INTERNO AO ABEIRO DO ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, DO 28 DE ABRIL. EXPEDIENTE. 2023/T019/000001.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe da Interventora municipal de control interno, emitido ao abeiro do disposto no artigo 37 do Rel decreto 424/2017, de 28 de abril, sinalado neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2022, CUARTO TRIMESTRE.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. Concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

7. DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPEDIENTE. 2020/C004/000004. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de marzo de 2023, que transcrita literalmente di:

"Antecedentes:

1. Con data 30.06.2020, requiriuse a empresa prestadora do servizo de axuda no fogar a información referida no artigo 130 da LCSP. A empresa remitíu a citada comunicación o 06.07.2020.

2. A traballadora social e a concelleira de benestar social, a petición da alcaldía, emiten informe o 10.07.2020 sobre a necesidade e idoneidade da contratación do servizo de de axuda no fogar do Concello de Bergondo, no que se detallan os servizos a prestar, así como o número de horas necesarias tanto en dependencia como libre concurrencia ao ano, estimadas para a prestación do devandito servizo.

3. Prescripción técnicas, que inclúe cálculo do prezo de licitación, e criterios de valoración asinados pola traballadora social e a concelleira de benestar social o 14.08.2020.

4. Providencia da alcaldía do 14 de agosto de 2020, pola que se solicita que se incorporen ao expediente os pregos de prescripciós técnicas e o informe ténico relativo aos criterios de valoración, elaborados polos servizos sociais; que se incorpore o Prego de cláusulas administartivas particulares; ao servizo de Intervención informe sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado para levar a cabo a contratación, e polo que se solicita desta Secretaría a emisión do presente informe.

5. Informe de Intervención de 18 de agosto de 2020, no que se informa que dado que as obrigas derivadas deste contrato, son con cargo a futuros exercicios, deberá preverse a consignación presupostaria suficiente e axeitada nos Orzamentos dos vindeiros anos, para facer fronte ás obrigas derivasdas desta contratación.

6.- Pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas para a tramitación do contrato mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, elaborados con data de 18 de agosto de 2020.

7. Informe xurídico favorable aos Pregos de claúsulas administartivas particulares e expediente de contratación. Data 18.08.2020.

8. Informe de intervención favorable de fiscalización do expediente de contratación. Data 18.08.2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

9. Ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión do 19.08.2020 e Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 19.08.2020 de aprobación do expediente de contratación, dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas e dispoñendo a apertura da licitación, remitindo anuncio ao DOUE,e acordando a tramitación anticipada do gasto.

10. Publicación anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Eurpoea o 24.08.2020. Publicación na mesma data do expediente no perfil do contratante_ Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Pregunta/respostas abertas a todos os licitadores na Plataforma de Contratación do Sector Públcio. Requirimento de certas cuestións a actual rpestadora do servizo para completar esas respostas.

12. Escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación presentado por María Vázquez Lavandeira, en nome e representación de SENESCIT SL, contra o Prego, invocando causa de nulidade, con núm. de rexistro de entrada 202099900002092 do 17 de setembro de 2020, indicando en relación a la cláusula 18.13 del PCAP.

13. Informe xurídico, emitido o 18 de setembro de 2020, ao recurso especial en materia de contratación interposto por SENES CIT SL o 17 de setembro de 2020.

14. Informe do órgano de contratación, Xunta de Goberno local, ao recurso indicado.

15. Acordo de inadmisión do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Senes Cit, notificado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia o 22.09.2020.

16. Ofertas presentadas (14) para a contratación do servizo de axuda no fogar do el Ayuntamiento de Bergondo (expediente 2020/C004/00004)

17. Acta da mesa de contratación de apertura dos sobres A_ Documentación xeral e B_referencias técnicas. Data 29.09.2020

18. Informe técnico de avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor. Data 10.11.2020

19. Acta da Mesa de contratación de lectura pública do informe técnico de avaliación do sobre B e apertura pública do sobre C_Oferta económica. Clasificación de ofertas. Data 12.11.2020

20. Resolución da alcaldía núm. 1306/2020, do 19 de novembro de 2020, sobre clasificación das ofertas presentadas e requirimento á empresa que tiña efectuado a oferta máis ventaxosa -SIAD24 GALICIA SL – para que presentase a documentación esixida na cláusula 19.2 do PCAP.

21. Escrito de interposición de recurso especial en materia de contratación presentado por María Vázquez Lavandeira, en nome e representación de SENESCIT SL, contra a proposta de adxudicación no procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Bergondoo, con núm. de rexistro de entrada 202099900002919, do 30 de novembro de 2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

22. Aportación da documentación xustificativa á que fai referencia a cláusula 19.2 do PCAP, presentada pola empresa SIAD24 Galicia, SL, o 01.12.2020, segundo consta na plataforma de contratos do sector público. Resolución da alcaldía requirindo á oferta máis ventaxosa a presnetación da documentación esixida no PCAP para a adxudicación do contrato. Data 19.11.2020

23. Informe da Traballadora social municipal. Data 02.12.2020.

24. Informe xurídico, emitido o 2 de decembro de 2020, ao recurso especial en materia de contratación interposto por SENES CIT SL o 30 de novembro de 2020.

25. Informe do órgano de contratación, Xunta de Goberno local, ao recurso indicado.

26. Resolución do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Senes Cit núm. 213/2020, notificado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia o 11.12.2020, inadmitindo o recurso.

27. Acordo da Xunta de goberno local en sesión extraordinaria do 14 de decembro de 2020, sobre adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar á empresa SIAD24 GALICIA SL, consonte coa súa oferta:

«... Adxudicar o contrato de "Prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Bergondo", expte. 2020/C004/000004, por procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de valoración, segundo o previsto nos arts. 131 e 135.1 da LCSP, á empresa ***SIAD 24 GALICIA SL****., con CIF núm. B15612039, con domicilio na rúa Francisco Vales Villamarín núm. 21, baixo, na Coruña, CP15006 representada por dona Carmen de los Ángeles González-Rosón Flores, con DNI núm. 33838260Q, polo prazo de catro anos, nos seguintes prezos e melloras:*

- Prezo hora SAF básica e dependencia luns a sábados: dezasete euros (17,00 €) (sin IVA)
- Prezo hora dependencia domingos e festivos: dezanove euros con vinteún céntimos (19,21€) (sin IVA)

Año	*Estimación horas/ano SAF dependencia luns a sábado*	*Estimación horas/ano SAF dependencia domingos e festivos*	*Estimación horas/ano SAF libre concorrencia luns a sábado*	*Estimación horas/ano SAF libre concorrencia domingos e festivos*	*TOTAL MÁXIMO PREZO SEN IVA*
2021	*28.000*	*2.500*	*5.000*	*600*	*620.551,00*
2022	*29.400*	*2.625*	*5.250*	*600*	*651.002,25*
2023	*30.870*	*2.756,25*	*5.512,50*	*600*	*682.976,06*
2024	*32.413,50*	*2.894,06*	*5.788,13*	*600*	*716.548,60*
----	*----------*	*----------*	*----------*	***Total…….***	***2.671.077,92***

E as ***MELLORAS*** *ofertadas son as seguintes:*

Número de horas anuais de axuda no fogar adicionais: Mil cincocentas (1.500)
Número de horas anuais de limpezas xerais e/ou limpezas de choque: Dous mil (2.000)
Número de horas anuais de servizo de acompañamento en domicilio e/ ou hospitalario: seis mil (6.000)
Número de servizos de podoloxía totais anuais: Catro mil (4.000)
Número de servizos de estimulación cognitiva anuais: Catro mil (4.000)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Número de servizos de peluquería a domicilio totais anuais: Tres mil (3.000)
Número de axudas técnicas anuais desglosadas da forma seguinte:

Camas articuladas: 8
Grúas de movilidade persoal:8
Colchóns antiescaras: 4
Cadeiras de ducha-baño: 8
Cadeiras de ruedas: 8
Andadores: 8 ..·..»

28. Publicidade da adxudicación no perfil do contratante o 14.12.2020

29. Requirimento do expediente de contratación polo TACGAL, en relación ao recurso interposto por SENES CIT contra a adxudicación da contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Bergondo, expediente 2020/C004/000004.

30. Informe da traballadora social municipal. Data 29.12.2020.

31. Informe de secretaría ao recurso presentado. Data 30.12.2020

32. Informe do órgano de contratación, Xunta de Goberno, en sesión de data 30.12.2020

33. Resolución núm. 11/2021 do 15.01.2021 do recurso especial en materia de contratación interposto por SENES CIT, S.L. contra a adxudicación da contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Bergondo, expediente 2020/C004/000004 do TACGAL, desestimatoria do recurso interposto.

34. Contrato administrativo asinado o 28.01.2021

35. Anuncio de formalización el DOUE do 03.02.2021 e no Perfil do contratante o 05.02.2021.

36. Solicitude da adxudicataria da modificación do contrato, con núm. rexistro de entrada 202299900004190 do 20 de decembro de 2022, «fijando el precio hora de dicho contrato a abonar a este Empresa Contratista en la suma de 19,58 eurosla hora básica y dependencia y 22,13 euros la hora dependencia domingos y festivos»

37. Informe conxunto de secretaría e intervención de data 27 de xaneiro de 2023.

Lexislación aplicable:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. (LCSP).
-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local. (LBRL)
-Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).
-Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001,do 12 de outubro (en adiante, RXLACAP)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante, LALGA).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas. (LPAC)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

- Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

- Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos trabajadores.

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consejo de 26.02.2014 sobre contratación pública e pola que se deroga a Directiva 2004/18/CE

- Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consejo de 26.02.2014 relativa a la adxudicación de contratos de concesión

Fundamentos de dereito

Primeiro: Análise da petición da empresa adxudicataria

A empresa adxudicataria do contrato, mediante escrito con núm. rexistro de entrada 202299900004190 do 20 de decembro de 2022, solicita a súa modificación, «fijando el precio hora de dicho contrato a abonar a este Empresa Contratista en la suma de 19,58 eurosla hora básica y dependencia y 22,13 euros la hora dependencia domingos y festivos», baseándose nos seguintes fundamentos:

1º. Que o PCAP do referido contrato, nin ningún outro documento publicado no perfil de contratante da Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo, incluíu como esixen os artigos 100.2, 101.2, e 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), unha desagregación dos custos directos e indirectos e outros gastos do servizo, nin os custos laborais para a súa execución con desagregación de xénero e categoría profesional, sendo obrigación da Empresa Contratista observar, conforme establecen o artigo 201 LCSP e indícase nas cláusulas 24 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) do referido Contrato, as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector, debendo quedar garantido o cumprimento destas obrigacións en fase de execución, para o que os salarios derivados dos convenios colectivos han de formar parte do prezo do contrato, segundo determina a doutrina administrativa, por todas Resolución TACRC nº 632/2018, do 29 de xuño.

Mesmo no informe da Universidade da Coruña que acompaña á súa petición, invócase a suposta nulidade de pleno dereito dos Pregos que rexeron esta licitación, con invoación da posibilidade de solicitude de rescición contractual por causa imputable a esta administración e con reclamación de danos e prexuízos.

2º. A pesares desta regulación, o PCAP estableceu na súa cláusula 4.1. que o orzamento estimado para cada ano de contrato determinaríase unicamente en función do número de horas estimado que prevía prestar o Concello nos próximos anos e, por tanto, sen ter en conta os incrementos derivados de IPC dos anos de duración do contrato e a súa prórroga como esixe a doutrina administrativa, por todas, Resolución TACGAL nº 200/2022 do 7 de novembro.

3º. Que de forma completamente sobrevinda e imprevisible o IPC experimentou un forte e inesperado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

incremento como consecuencia do encarecemento da enerxía que vén producindo de forma progresiva desde o último trimestre de 2021, e do inicio da guerra de Ucraína en 2022, circunstancias que nin as Entidades Financeiras, nin as Institucións especializadas, nin unha Administración dilixente, podía imaxinar e prever ao tempo en que se aprobou o procedemento de contratación.

Que como consecuencia do carácter imprevisible destes acontecementos o custo laboral da prestación do Servizo SAF resulta dificilmente asumible para esta Empresa Contratista. Así, o custo de persoal, que constitúe a parte máis importante do prezo total do contrato, experimentou en leste mesmo ano un aumento do 6,5 % ao que habería que engadir as correspondentes cotas á seguridade social. En efecto, a aplicación das cláusulas dos Convenios Colectivos é unha obrigación que deriva da normativa laboral e non da propia de contratación pública, que neste aspecto limítase a ordenar a observancia das normas laborais

4º. Que como ten perfecto coñecemento esa Corporación Local, o Servizo de Axuda a Domicilio é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no seu propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual (DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento) sendo as súas prestacións de carácter público segundo dispón o artigo 3 a) da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que podería verse directamente afectado se non se retribúe a un prezo que permita asumir os seus custos. Por iso, para evitar os prexuízos que para o interese público derivaríanse do sobrevindo e imprevisible incremento dos custos salariais, o procedente é que se acorde o reequilibrio das prestacións do Contrato SAF, mediante a modificación do devandito Contrato nos termos establecidos no artigo 205 LCSP e a cláusula 29 PCAP, para que desta forma poida cumprirse coas obrigacións derivadas do Convenio Colectivo de aplicación e asumirse os custos do servizo, salvagardando o interese público.

En canto á alteración da contía solicitada, indican que dita variación non supoñería en ningún caso superar o 50% do prezo inicial, xa que a modificación ha de consistir en trasladar ao prezo do contrato que vén abonado esta Corporación Local, unha parte do sobrecusto ao que se veñen referindo.

***Segundo.** Os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexen nesta contratación, non están previstas modificacións, sen prexuízo do previsto no artigo 205 da LCSP nin se regula, considerando a duración do contrato inicial, ningunha cláusula de revisión de prezos.*

A este respecto, e ante a invocación da suposta nulidade de pleno dereito dos Pregos que rexeron esta licitación, é imprescindible recordar que eses pregos son firmes e consentidos para a empresa reclamante. Ata en tres ocasións, revisouse o expediente de contratación polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, sendo emprazada polo mesmo a empresa adxudicataria, e non tendo comparecido e/ou formulado ante o citado órgano administrativo ningunha tacha aos Pregos que agora entende, adolecerían de vicio de nulidade.

***Terceiro.** No informe conxunto de secretaría e internvión de data 27 de xaneiro de 2023, recóllese o establecido pola doutrina dos Tribunais administrativos en materia de contratación e polos órganos xurisdiccionais sobre a materia. Así nos seus fundamentos de dereito primeiro e segundo recóllese:*

*«… A Sentenza da Audiencia Nacional de 09.10.2019, recurso 446/2016, advirte: "En todo caso, si alguna de las partes intervinientes en el procedimiento de adjudicación **hubiere considerado que las cláusulas del PCAP***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

conculcaban los principios de publicidad, libre concurrencia e igualdad y no discriminación de los licitadores, tenían en su mano impugnarlas, lo que sin embargo no consta que se hubiere efectuado*.(...)* ***Por ello, no es posible impugnar los anuncios o los pliegos de cláusulas con ocasión de posteriores actos, ya que se presume la aceptación de los mismos por quienes participan en el procedimiento de adjudicación, sin que nadie pueda ir contra sus propios actos.*** *En este sentido, la STS de 9 de febrero de 2001 (casación 1090/1995 FJ 2º), recordando lo dicho por las anteriores de 18 de abril de 1986, 3 de abril de 1990 y 12 de mayo de 1992, se señala que " [e]l pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como quienes soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar en ningún momento las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta, y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus "propios actos" [...] ". Así lo hemos reiterado en las Sentencias de esta misma Sala de 25 de marzo de 2015 (recursos 193/2013 y 180/2013, FFJJ 3º).*

"En este caso, la parte recurrente no impugnó las citadas cláusulas del Pliego, por lo que resultan firme y consentida. Ello implica que las partes quedan vinculadas por ellas, sin que el TACRC en el ámbito del recurso especial en materia de contratación, pueda analizar de oficio o a instancia de parte la validez de tales pliegos. Hemos de significar que tanto la entidad demandante como el resto de licitadores, aceptaron todas y cada una de las cláusulas que rigen el contrato de referencia, entre ellas, la número 12 del PCAP y el punto 9 del Cuadro resumen, sin que exista constancia de que los mismos hayan sido objeto de impugnación. ***Y es que tiene declarado reiteradamente la jurisprudencia que las determinaciones de los pliegos, que constituyen la "ley del contrato", si no son impugnadas en su momento quedan consentidas y firmes y vinculan a todos, Administración y contratistas."***

Xa antes, a Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de xuño de 2004, advertira: «...las cláusulas y prescripciones técnicas contenidas en los pliegos, en cuanto no fueron oportunamente impugnadas han de considerarse aceptadas, de manera especial por quienes, como la recurrente, han concurrido a la correspondiente licitación. Como tuvo ocasión de señalar esta Sala, en sentencia de 4 de noviembre de 1997 (RJ 1997, 8158), puede resultar contrario a la buena fe, que debe presidir la vida del contrato, el que se consienta una o varias cláusulas o prescripciones técnicas, aceptando el procedimiento de contratación pública mediante la propia participación y luego, al no resultar adjudicatario, impugnar la adjudicación argumentando que los actos de preparación consentidos son contrarios al ordenamiento jurídico. En definitiva, la naturaleza contractual, y no reglamentaria, de los Pliegos de cláusulas explica y justifica que la falta de impugnación convalide sus posibles vicios, a menos que se trate de vicios de nulidad de pleno derecho; e, incluso, en este caso en que puede entenderse que la denuncia no está sujeta a plazo preclusivo, habría de seguirse una acción de nulidad con sujeción a los criterios generales de ésta, siempre que resultara a salvo el indicado principio de buena fe y la seguridad jurídica a cuya preservación tiende la firmeza de los actos para quienes los han consentido, aspirando, incluso, en su día, a la adjudicación ".»

Segundo. *É certo que a contratación pública está cada vez máis vencellada ao cumprimento dos compromisos que emanan da normativa laboral, constituíndo un alicerce fundamental para iso os convenios colectivos que rexen no que respecta aos traballadores dos contratistas que traballen coa Administración.*

Proba diso é o artigo 100.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) que establece o seguinte cando regula o orzamento base de licitación: «No momento de elaboralo, os órganos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desglosarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desglosada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia».

Esta preocupación foi sinalada en numerosas ocasións por diferentes órganos, a modo de exemplo, e por todas ellas, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACR), na súa ***Resolución 883/2018*** *pronúnciase da seguinte maneira:*

«Á vista dos artigos anteriores e os termos da súa redacción, é evidente que se produce unha maior vinculación da contratación pública á normativa laboral.

Vinculación que cobra un maior protagonismo cando se trate de contratos, como os de servizos, onde os custos de persoal poden supor a partida principal do gasto no orzamento base de licitación.

Tal intensidade ten o seu reflexo na obrigación de indicar os custos salariais estimados a partir da normativa laboral de referencia nos Pregos (artigo 100.2 LCSP), a súa consideración expresa no cálculo do valor estimado do contrato (artigo 101.2 LCSP), e para a fixación do prezo (artigo 102.3 LCSP). Pero tamén á hora de impor o rexeitamento das ofertas anormalmente baixas que non cumpran coa normativa laboral, incluíndo o disposto nos convenios colectivos de carácter sectorial, así como a obrigación aos órganos de contratación de velar polo seu cumprimento das condicións salariais unha vez adxudicado o contrato, e erixíndose a súa infracción en causa de imposición de penalidades».

En sentido parecido pronunciouse a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña no seu Informe 10/2019, de 9 de decembro:

«Así mesmo, a LCSP tamén obriga a ter en conta o convenio colectivo sectorial aplicable no momento de determinar os aspectos económicos básicos que teñen que rexer o contrato –orzamento base de licitación, valor estimado do contrato e prezo–, así como durante o procedemento de adxudicación e de execución.
(…)
En definitiva, de todas as previsións mencionadas constátase tanto o deber dos órganos de contratación de ter en conta os convenios colectivos aplicables ao persoal que a futura empresa contratista adscribirá á execución do contrato no momento de preparar unha licitación, como a obrigación de cumprimento dos mesmos convenios colectivos por parte do contratista e, en particular, das obrigacións salariais que se derivan»…»

En cumprimento do transcrito, e sen compartir o parecer da empresa adxudicataria no punto primeiro da súa reclamación, o concello na súa determinación dos custes do contrato, determinou con claridade cáles pertencían a custes salariais do persoal obxecto de subrogación nesta contatación - consonte coa información proporcionada pola anterior empresa adxudicataria, datos públicos que formaban parte dos pregos do contrato [Anexo V do PCAP]-; cáles pertencían aos custes de kilometraxe asociados a este contrato; cáles pertencían a unha estimación de vacacións (9%), absentismo laboral (10%), antigüidade (3%); cales pertencían aos custes de seguridade social (31,40%); cales pertencían aos medios materiais a empregar pola empresa adxudicataria (20%), todos e cada un destes conceptos expresados nunha porcentaxe sobre os costes salariais totais, así como unha porcentaxe de gastos xerais (4%) e outra de beneficio industrial (6%).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Polo que este Concello entende que os custes directos, indirectos e outros quedaron perfectamente determinados no Prego de prescripcións técnicas, relacionado co anexo V do PCAP, onde constaba o persoal a subrogar cos datos que esixe o artigo 130 da LCSP..

O que sí é certo é que a empresa adxudicataria efectuou unha baixa dun 15% no prezo/hora do servizo axuda no fogar de luns a sábado, que o concello estimara en 20 euros/hora, e unha baixa do 18,26% no prezo hora do servizo axuda no fogar domingos e festivos, estimado polo concello en 22,60 euros/hora; baixa, que sumada aos restantes criterios de adxudicación do contrato, levaron a que súa empresa obtivese o contrato fronte ás restantes 13 licitadoras máis que non acadaron a puntuación suficiente para iso.

En conclusión, a baixa efectuada sobre o precio de licitación, é maior ás porcentaxes de incremento que alega a empresa adxudicataria para solicitar a revisión de prezos.

***Cuarto.** Por outra banda, e visto que non está prevista a modificación contractual neste contrato, outro aspecto a analizar é do principio do risco e ventura na contratación.*

Neste particular o informe conxunto de secretaría e intervención, no seu fundamento de dereito terceiro indica:

*«...Aínda que para **calcular o orzamento base de licitación** deba terse en conta o convenio colectivo que rexa no momento da licitación do contrato, outra cousa distinta é que as subidas salariais que se deriven do mesmo poidan implicar unha alteración dos termos económicos do contrato, tal e como se adxudicou segundo o artigo 205.2 b) da LCSP, referido a modificación non previstas no contrato, aspecto que pasamos a analizar.*

*Sobre este particular, as Xuntas Consultivas de Contratación Pública concluíron que o **principio de risco e ventura do contrato contemplado no artigo 197 da LCSP** leva inherente que o contratista teña que asumir a variación que nos resultados económicos do contrato poidan producirse, que imposibilita acudir á modificación non prevista nos pregos.*

*En apoio desta argumentación, hai que destacar a Recomendación da JCCPE de 10 de decembro de 2018, ao indicar que: «A concreción deste principio (risco e ventura do contrato) supón que o contratista asume os riscos normais que son inherentes á execución do contrato, de modo que a mera variación das circunstancias baixo as que se asinou o mesmo non permitiría que o contratista pedise unilateralmente a modificación do contrato. **Sinala o Tribunal Supremo que «no que concierne ás alteracións da economía do contrato, exprésaa aplicabilidad do principio de risco e ventura fai que o contratista, do mesmo xeito que se beneficia das maiores vantaxes que en relación coas previstas depárelle a dinámica do contrato, debe soportar a maior onerosidad que para el poida significar a súa execución» (STS de 20 de xullo de 2016)**. Esta mesma sentenza lémbranos que a proclamación legal do principio de risco e ventura leva inherente **un elemento de aleatoriedad dos resultados económicos do contrato**, aleatoriedad que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato non lle libera de cumprir o estritamente pactado nin, consiguientemente, lle faculta para apartarse do vínculo contractual ou para reclamar a súa modificación».*

Ou o Informe 18/2019, de 9 de maio da propia JCCPE, no que se expuña a posibilidade de modificar un contrato a causa do aumento do custo de persoal derivado da aprobación do incremento do salario mínimo interprofesional: «O Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

interprofesional para 2019, é de aplicación obrigatoria e xeneral a todos os contratos públicos calquera que sexa a entidade do sector público de que procedan. (…). As partes do contrato están vinculadas polo mesmo e deben cumprir as obrigacións a que se comprometeron. A non atención de tales obrigacións levará as consecuencias que en dereito procedan».

No mesmo sentido, o Informe 33/2019, de 21 de outubro, vólvese a pronunciar a propia JCCPE: «En relación co efecto da subida do salario mínimo interprofesional aprobada polo Real Decreto 1462/2018 nos contratos públicos, debemos lembrar que esta Xunta Consultiva ha tido ocasión de pronunciarse en senllos informes de 9 de maio de 2019, expedientes números 10/19 e 18/19, cuxas consideracións e conclusións constitúen o punto de partida para responder as preguntas expostas.

A este respecto, tomando como referencia o previo pronunciamiento pola Avogacía Xeral do Estado no seu informe Ref.: A.G. – ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE 1/2019 (R- 33/19) de 1 de febreiro, cuxos criterios se incorporan ao informe 18/19, conclúese o seguinte en termos xerais:
• O Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019, é de aplicación obrigatoria e xeneral a todos os contratos públicos calquera que sexa a entidade do sector público de que procedan.
• As regras contidas no Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, aplicaranse desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado» e fornecerá efectos durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019, procedendo, en consecuencia, o abono do salario mínimo no mesmo establecido con efectos do 1 de xaneiro de 2019.
• As partes do contrato están vinculadas polo mesmo e deben cumprir as obrigacións a que se comprometeron. A non atención de tales obrigacións levará as consecuencias que en dereito procedan.(…)

2. Deste xeito en resposta á primeira pregunta cabe reiterar que o incremento do salario mínimo interprofesional previsto polo Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, para o exercicio de 2019 afecta a todos os contratos públicos a partir da súa data de entrada en vigor, con independencia da data de adxudicación e formalización dos mesmos. Por tanto, se o contrato se adxudicou tendo en conta un determinado salario mínimo interprofesional para 2019 e formalizouse unha vez que xa se atopa vixente o novo, a súa execución deberá acomodarse ás previsións deste último, debendo cumprirse as obrigacións previstas na nova norma que regula a materia.
Doutra banda, e aínda que se produza a circunstancia antes citada, parece claro que a entrada en vigor do novo salario mínimo interprofesional non afecta os trámites nin ao sentido do procedemento de adxudicación xa realizado».

Por conseguinte, o incremento do custo do persoal derivado da revisión salarial automática do convenio marco debe integrarse dentro do principio de risco e ventura do contrato conforme ao disposto no artigo 197 da LCSP que leva inherente que o contratista teña que asumir a variación que nos resultados económicos do contrato poidan producirse e iso imposibilita acudir á modificación non prevista nos pregos.

Por último, a para pechar este punto, na Resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales do 22 de xuño de 2022, Núm. 740/2022, establécese:

«Obiter dicta, debemos recordar la doctrina que mantiene este Tribunal sobre la revisión de precio como causa de modificación de contrato, cuya resolución más reciente es la nº 436/2022, que coincide con la expresada por el órgano de contratación en la resolución recurrida. En ella señalábamos lo siguiente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"Sexto. Como declara este Tribunal en la Resolución nº 27/2020, de 9 de enero de 2020 es preciso analizar si con la modificación operada en el objeto del contrato se ha producido una modificación de carácter sustancial, en cuyo caso no podrá llevarse a cabo la modificación aun cuando ésta responda a circunstancias sobrevenidas imposibles de prever en el momento en el que tuvo lugar la licitación.

O Sr. Carro Temprano sinala que non ten nada que obxectar con respecto as obras de eficiencia enerxética, toda vez que lle parecen dunha gran importancia, e insta a que se aproveiten as oportunidades que xurdan para solicitar subvencións nesta liña.

A Sra. Alcaldesa sinala que tamén se ten solicitado en paralelo unha subvención para a rehabilitación da Casa da Cultura, pero que a mesma aínda non está resolta e non se sabe se vai a ser concedida ou non. Así mesmo, indica que tamén a Xunta de Galicia ten anunciado unha serie de axudas que sairán para realizar reformas de renovación enerxética e que dende o Concello tentaranse acadar todas as axudas posibles.

O Sr. Fariña Pedreira sinala que, loxicamente, é preciso intentar acadar todas as subvencións que vaian xurdindo, sempre que se cumpran os requisitos precisos para solicitalas, sendo un acto neglixente non tentar conseguilas. Por outra banda, sinala que entende que pode haber veciños/as que non acaben de compartir a inversión pero, nese caso, se alguén lles explica que a subvención unicamente se concede para a rehabilitación enerxética sen dúbida estarán de acordo en aproveitala.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor e tres (3) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

12. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE BERGONDO 2023-2025.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de marzo de 2023, que transcrita literalmente di:

"A necesidade da Corporación Local de aprobar un Plan Estratéxico de Subvencións ven recollida no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, con carácter básico segundo a disposición final primeira da mesma.

Se ben, a xurisprudencia xa sinalou a importancia do Plan Estratéxico de subvencións en diferentes sentencias, como as ditadas polo Tribunal Supremo de data 26 de xuño de 2012, 28 de xaneiro de 2013 e 16 de abril de 2013, será a última Sentenza do Tribunal Supremo respecto dos Plans Estratéxicos de Subvencións, a que afirma de modo inequívoco que ***a falta de aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións determina a nulidade da subvención****.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así o confirma a Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, na súa Sentenza 543/2022, de data 9 de maio, que subliña con claridade que o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe un instrumento de planificación de políticas públicas cuxo obxectivo é o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, cuxa aprobación é previa á regulación da subvención, constituíndo un requisito esencial do procedemento subvencional. En concordancia con iso e fixando xurisprudencia respecto diso, conclúe que el artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, debe ser interpretado no devandito sentido, de modo que o incumprimento desa obrigación por parte da administración pública ou ente público convocante das axudas, determina a nulidade da orde (ou disposición análoga) de convocatoria da subvención.

Por todo isto, resulta imprescindible e necesario, proceder á aprobación do Plan estratégico de subvencións do Concello de Bergondo, dando cumprimento ó antedito.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia se presenta o citado Plan que, si ben non contempla ningunha axuda de carácter plurianual, segue apoiando as accións de colectivos que xa viñan recibindo axudas en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, deportivo do concello.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: ". Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial". Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, , coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

Á vista do antedito e en virtude das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

***PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Bergondo 2023-2025:*

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE BERGONDO 2023-2025

PREÁMBULO

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

No seu Artigo 8, "Principios Generales" sinala que "Los órganos de las Administraciones Públicas y cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles, y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria".

Este artigo foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo os principios rectores, ámbito e contido dos plans estratégicos, competencia para a súa aprobación, seguimento dos mesmos e efectos do seu incumprimento, que se ben non é aplicable ós Concellos, recolle aspectos a ter en conta.

De acordo co Artigo 12.3. RXS "Los planes estratégicos de subvenciones tiene carácter programático y su contenido no crea derechos ni obligaciones; su efectividad quedará condicionada a la puesta en práctica de las diferentes líneas de subvención, atendiendo entre otros condicionantes a las disponibilidades presupuestarias de cada ejercicio".

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 tamén regula no artigo 5 a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións nes seguintes termos:

"Artigo 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."

En base a isto, o contido do Plan é meramente estimativo das liñas de subvención que se conteñen nos créditos iniciais do Orzamento, non vinculando en ningún caso aos órganos competentes para a concesión de subvencións á apertura de novas liñas ou á non efectiva convocatoria das previstas, en función das circunstancias, condicionado en todo caso ás correspondentes consignacións orzamentarias e á estabilidade orzamentaria.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública), de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

A normativa citada establece como principios inspiradores a transparencia, que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: "Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial". Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

Por todo o antedito, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1.- ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2023 a 2025 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICO

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Con carácter previo ó outorgamento das subvencións ou concesións directas (convenios), deberá efectuarse a aprobación gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias do Concello de Bergondo

ARTIGO 3.- PRINCIPIOS XERAIS

Os principios xerais de actuación, como elementos fundamentais do Plan Estratéxico e que deben rexer a xestión municipal en materia de subvencións, son os seguintes:

- *a Publicidade e concorrencia, mediante a convocatoria previa na que se garantice a concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuizo da posible concesión directa que, de conformidade coa normativa aplicable, deberá contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias*
- *b Obxectividade no proceso de asignación dos recursos públicos*
- *c Igualdade e non discriminación*
- *d Transparencia no proceso de asignación de recursos públicos, tanto na concesión como na publicación dos resultados*
- *e Eficacia no cumprimento dos obxectivos, co establecemento dun procedemento de seguemento e control das subvencións concedidas*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *f Eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos máis eficientes*

ARTIGO 4.- COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 5.- BENEFICIARIOS

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 6.- LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O presente Plan Estratéxico resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

-Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvención do Concello, son as seguintes:

6.1.- Subvencións con procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión:

6.1.1.- SUBVENCIONS DE FOMENTO DO DEPORTE E DA CULTURA

Obxectivos estratéxicos

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten a convivencia entre os veciños.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades deportivas e culturais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades lúdico-social das asociacións culturais do concello.

Obxectivos específicos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CULTURA

Axudas ás asociacións culturais: *Concesión de subvencións para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuidas á competencia municipal; ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.*

DEPORTES

Axudas ás asociacións deportivas: *Concesión de subvencións para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuidas á competencia municipal; ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.*

Axudas a deportistas individuais: *É obxecto da presente convocatoria establecer os criterios e o procedemento de concesión de becas a deportistas de alto nivel do Concello de Bergondo coa finalidade de facilitar a práctica deportiva e a competición de alto nivel, valorando así a súa especial dedicación ó deporte, sendo conscientes das dificultades que implica; así como promover a difusión do noso Concello en eventos deportivos de carácter nacional ou internacional.*

6.1.2.- SUBVENCIÓNS DE FOMENTO DA EDUCACIÓN

Obxectivos estratéxicos

Fomentar e facilitar o acceso á educación, como dereito básico e o que se debe acceder en condicións de igualdade

Obxectivos específicos

Axudas ó transporte*: É obxecto da presente convocatoria favorecer o acceso ós centros de ensinanza públicos mediante unha axuda nos gastos derivados da utilización de calquer tipo de transporte para acceder ós mesmos.*

Axudas de libros: *A finalidade deste programa é colaborar coas familias do municipio no esforzo económico que o comezo do curso ocasiona.*

6.1.3.- SUBVENCIÓNS DE FOMENTO DA ACCIÓN SOCIAL

Obxectivos estratéxicos

Apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades vitais sociais e educativas, segundo as necesidades establecidas polo departamento dos Servizos Sociais municipais

Obxectivos específicos

Axudas vivenda habitual e enerxía: *As consecuencias socio-económicas da actual crise se distribuen de forma desigual na poboación, aumentando os niveis de pobreza e exclusión social daqueles colectivos máis vulnerables.*

Para facer fronte ás consecuencias da crise e a paliar o seu impacto económico e social, esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o pago da vivenda habitual e das facturas de enerxía eléctrica e térmica ás familias máis vulnerables do Concello de Bergondo.

Axudas á escolarización: *É obxecto desta convocatoria regular as axudas para a escolarización de menores do Concello de Bergondo, que consisten na subvención de libros e/ou parte do material escolar, e que formen parte de unidades familiares que se atopen incluidos en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou que os ingresos das súas unidades familiares non superen as cantidades que se recollen nas bases reguladoras.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.2.- Subvencións nominativas, que serán as previstas nas bases de execución de orzamento de cada exercicio. O seu plan de actuación será a elaboración dos convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para o outorgamento destas subvencións de concesión directa.

ARTIGO 7.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, para todo tipo de subvencións que se concedan polo Concello de Bergondo, o prazo de desenvolvemento destas actuacións será sempre anual, sen prexuízo de aquelas actividades que se consoliden no tempo, o cuxa actuación necesite un prazo maior ó exercicio anual, en cuxo caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a ordenanza.

ARTIGO 8.- FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente. Os custos previsibles para atender as previsións do presente Plan para cada exercicio se determinarán nos orzamentos do correspondente ano.

ARTIGO 9.- PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que "tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención".

As bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 10.- CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

-Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á intervención do Concello de Bergondo, que se realizará nas condicións estipuladas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de evaluación.

A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 11. TRANSPARENCIA.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

SEGUNDO.- *Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Bergondo*

Bergondo, na data que figura na marxe

A alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa manifesta que o presente asunto xa se ten debatido con anterioridade nalgún outro Pleno, pero que agora é preciso que sexa aprobado por existir a posibilidade de que se declare a nulidade das subvencións que se convoquen. Por outra banda, sinala que, tal e como explicaba na Comisión Informativa, o Plan Estratéxico de Subvencións non implica que, con posterioridade, se teñan que aprobar e publicar as bases correspondentes das distintas subvencións que se convoquen.

Así mesmo, explica que, o feito de ter aprobado un Plan Estratéxico de Subvencións supón que, si se quere sacar unha liña de subvencións non contemplada no mesmo, sería preciso realizar previamente a modificación do citado Plan, polo que se trata dun documento vivo. Pola contra, o feito de que unha liña de subvencións se inclúa no Plan Estratéxico aprobado, non supón a obrigatoriedade da convocatoria da mesma.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é positiva, xa que supón a garantía de que as futuras subvencións que se convoquen non poidan ser impugnadas.

O Sr. Carro Temprano manifesta que, máis que un Plan, poderíase denominar como unha declaración de intencións, toda vez que non é vinculante e non obriga a nada.

A Sra. Alcaldesa sinala que vincula no sentido de que si se quere engadir unha liña de subvencións non contemplada no Plan non se podería realizar a convocatoria da mesma sin que primeiro se leve a cabo a súa incorporación ao citado Plan.

O Sr. Carro Temprano manifesta que, si se trata de algo preciso para cumprir coa legalidade, o seu voto será favorable.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que o seu voto será favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

en acordo nos termos antes transcritos.

13. ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ. ACORDOS QUE PROCEDAN.

EXPEDIENTE. 2023/E005/000010

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de marzo de 2023, que transcrita literalmente di:

"Con data 13.03.2023, recibíronse neste Concello dous escritos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con núms. de rexistro 202300000000300- 202300000000301, nos que indican que estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou ao xuíz de Paz -titular e substituto- deste Concello, solicitan que se inicie un novo expediente para elixir xuíz de Paz, titular e substituto, no prazo de tres meses, como sinala o artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e de non facelo nomearase directamente pola Sala de Goberno do devandito Tribunal.

Considerando este Concello que o acto de elección polo Concello dos cargos de xuíz de paz titular e substituto ten natureza discrecional, é dicir, é o resultado dunha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas, porque a decisión se fundamenta en criterios extraxurídicos non incluídos na lei e remitidos ao xuízo subxectivo desta Administración, enténdese que resulta máis axeitada a selección por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como xa se propuxo na derradeira ocación.

Polo que por esta alcaldía, proponse ao Pleno do Concello de Bergondo, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

***ÚNICO.** Non iniciar o expediente de elección de xuíz de Paz -titular e substituto- deste Concello, dando traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para os efectos previsto no artigo 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Bergondo, na data indicada na marxe.

A alcaldesa. , Alejandra Pérez Máquez."

A Sra. Alcaldesa sinala que, tal e como se fixo na última ocasión, proponse dar traslado ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que sexa o órgano que leve a cabo o proceso de selección do xuíz/a de paz, por entender que o Concello carece dos coñecementos na materia precisos para a realización do citado proceso.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que se trata do mesmo que están a facer a maior parte do Concellos da contorna.

O Sr. Carro Temprano manifesta que non ten nada que apuntar ao respecto.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que non lle corresponde ao Concello realizar este tipo de eleccións.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

14. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AOS MONTES DO GATO. EXPEDIENTE. 2023/X006/000098

A continuación dáse lectura á declaración institucional do Concello de Bergondo, que transcrita literalmente di:

*"En escrito dirixido a este Concello por Manuel J. Calo Purriños, en representación das asociacións: "**Aire Limpo nas Mariñas Mandeo**", de Aranga; "**A-Legre**", de Oza-Cesuras; "**SOS Monte do Gato Seselle**", de Oza-Cesuras; "**9 Refachos**", de Curtis, e colectivo "**Afectad@s de Paderne**", presentado por rexistro o 31.01.2023, recóllese o seguinte:*

*"Pilar Mónica Fernández-Aceytuno Sáenz de Santamaria, veciña do lugar de Carraceda, no Concello de Oza-Cesuras, con data 11/07/2022, presentou no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (referencia de entrada 3605/RX 1811847), a solicitude relativa a que se iniciase o procedemento para que os Montes do Gato, que abranguen unha superficie de máis de dez mil hectáreas, continua e non fragmentada, dos Concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Coirós, que conforman o núcleo principal da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, fosen declarados **espazo natural protexido coa categoría de Parque Natural,** e solicitando, asemade, que diante dos proxectos presentados para industrializar ese territorio con polígonos para a instalación de macroeólicos (aos que máis adiante faremos mención), se aplicase o principio de precaución en tanto en canto o Comité Español do Programa MaB da Unesco non emitise un estudio sobre a viabilidade das instalación eólicas.*

A solicitude estaba avalada por máis de 37.000 sinaturas (804 de persoas que asinaron da súa man, entre elas o Alcalde de Oza-Cesuras Pablo González Cacheiro-, e 36.329 que o fixeron online ao traveso da plataforma change.org.)

Posteriormente, con data 18 de outubro de 2.022, Azucena Guerreiro Galdo, veciña do Lugar de Valló, Concello de Aranga, presentou no Rexistro A, Oficina 02, da Xunta de Galicia, sito na Praza Luís Seoane, de A Coruña, 1.500 firmas máis, impresas en papel, para que foran incorporadas a solicitude da citada Mónica Fernández Aceytuno.

*A solicitude, que inicialmente foi levada a cabo de xeito particular, e agora, como logo se verá, apoiada por varias asociacións con socios na meirande parte dos concellos da Reserva, foi realizada coa finalidade exclusiva de facer patente a valía desta zona dende o punto de vista **cultural, medioambiental** e **humano,** pois, ante a ameaza que para os Montes do Gato (e, polo tanto, para a propia Reserva) supón a instalación de 6 polígonos industriais (ilegalmente fragmentados para eludir trámites ambientais máis estritos, pois comparten infraestruturas, vías de acceso, liñas de evacuación, etc. - a día de hoxe 5 con DIAs aprobadas, e unha denegada-) para a instalación de macroeólicos de máis de 200 metros de altura, a súa aprobación serviría de protección para evitar que se converta en chan industrial. Como xustificación chega con ver que, ademais de albergar a maior Necrópoles do Neolítico de toda Galicia e unha das máis grandes de Europa (con máis de cen monumentos funerarios no mesmo espazo de protección, ducias de petróglifos con insculturas de arte rupestre, muros de pedra seca -o único patrimonio inmaterial declarado pola Unesco en Galicia-, camiños e vías*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

históricas, un Castelo do reino dos Suevos, o Castelo de Teodomiro....), contén múltiples espazos de humidais imprescindibles para garantir a vida futura, coma son as brañas (en concreto as Brañas do Deo que a día de hoxe aínda conservan varias hectáreas de turbeiras, alimentadas por numerosos cauces de auga tributarios do rio Deo, afluente do Mandeo, e que pola súa biodiversidade e dimensión sen solución de continuidade como espazo de alto valor ecolóxico podemos considerar o corazón insubstituíbel da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo). E que eses hábitats de ***turbeiras ácidas de sfagnos*** *(eses "raros ecosistemas", pouco coñecidos, que ocupan tan só a superficie do 3% do planeta pero que acumulan o 30% do CO2, superando o CO2 de todas as masas forestais do planeta, e que, polo tanto, cada metro cadrado que se deixe desaparecer, acelerará máis aínda o desastre que se está a producir polo cambio climático) son merecedores da categoría de parque natural como así o confirmaron expertos da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de A Coruña no "BIOBLIZ BRAÑAS DO DEO CARAZTERIZACIÓN DA BIODIVERSIDADE" organizado o pasado 22 de xullo de 2022 pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo, do que foi testemuña o propio xerente da reserva.*

Asemade, e proseguindo coa campaña de defensa dos Montes do Gato, o día 11 de xaneiro de 2023, María Esperanza González Rodríguez, veciña do Iugar de Torrelavandeira, Concello de Aranga, presentou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (número de entrada 2023/117288), dirixido a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a solicitude, firmada pol@s representantes legais das asociacións "Aire Limpo nas Mariñas Mandeo" (de Aranga), "A-legre" e "SOS Monte do Gato-Seselle" (de Oza- Cesuras), e "9 Refachos" (de Curtis), para que, en base ao que sinala o artigo 10, apartado h, da Lei 5/2016, de 4 de Xuño, do Patrimonio Cultural de Galicia, se iniciase o procedemento para incoar a declaración dos Montes do Gato como ***Paisaxe Cultural.***

Debe quedar claro que detrás da solicitude que logo diremos, non se esconde ningún tipo de interese político partidista; non, aquí non hai siglas nin tampouco ese xogo pasional que algunhas producen en períodos electorais. As asociacións asinantes naceron no rural e, polo tanto, están constituidas por persoas, sinxelas e humildes, que viven e traballan nel; pero sobre todo, están constituidas, maioritariamente, por mulleres; esas mulleres que, a pesares das críticas, das mentiras e das presións, teñen a coraxe necesaria para poñerse ao fronte da defensa dos territorios que a codiza do capital quere sacrificar, e que, quizais pola súa condición de nais, saben mellor ca ninguén que a fusión entre a especie humana (especies vivas en xeral) e natureza, é vital para manter o ritmo natural da vida; e por iso saben tamén que a Nai Terra, a Pachamama, todos os días, todas as horas e en todas as xeografías, é violentada, golpeada, ferida, humillada, violada..., e que as únicas receitas que poden axudar a curala son, precisamente, as decisións políticas que deste xeito solicitamos.

Polo tanto, o voso apoio, si así o considerades, debe entenderse que, situad@s no momento histórico que nos tocou vivir, escolledes tomar conciencia e utilizar o sentido común, que é o único sitio onde, fóra de calquera siglas, debe aparcar definitivamente a ideoloxía. Entón, si así o facedes, seguramente seredes recordad@s, máis aló de con nomes e cargos concretos, coma eses homes e esas mulleres que, ademais de poñer por diante de calquera interese a defensa da VIDA, souberon crear, cas xeracións vindeiras, lazos de solidariedade, que son esas especies de teas de araña amorosas que, aínda que invisibles, fan que un corazón solitario siga sendo un corazón.

Pois ben, en base ao exposto, ***SOLICITAMOS*** *dese Concello* ***APOIO*** *para as* ***iniciativas presentadas,*** *ben ao traveso do correspondente acordo tomado en pleno (que, por aquelo da razón pura debería ser por unanimidade), ou ben mediante* ***declaración institucional do Sr/a. Alcalde/sa-Presidente/a,*** *dando a maior publicidade ao mesmo, así como facer a comunicación necesaria a correspondente Consellería da Xunta de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Galicia."

Á vista do exposto, esta Corporación Municipal entendendo que as propostas presentadas serían moi beneficiosas para toda a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo, na que se encontra integrado o Concello de Bergondo, amosa o seu apoio ás iniciativas en defensa dos Montes do Gato, e en concreto, a súa declaración de espazo natural protexido coa categoría de Parque Natural, e a súa declaración como Paisaxe Cultural.

En Bergondo, o 30 de marzo de 2023.

O grupo municipal do PSdG-PSOE

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez.

O voceiro do grupo municipal de AV

Juan Antonio Fariña Pedreira.

O voceiro do grupo mixto

David Carro Temprano

O voceiro do grupo municipal do PP

Francisco M. Fafián Torreiro"

A Sra. Alcaldesa manifesta que, a presente moción institucional, transcribe integramente o texto achegado pola entidade presentante, e que non procede o voto da mesma xa que está subscrita por todos os grupos políticos da corporación.

Tódolos grupos municipais, por unanimidade, asumen integramente o texto da declaración institucional do Concello de Bergondo transcrita.

15. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE A SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP0812.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de marzo de 2023, que transcrita literalmente di:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Seguridade viaria na estrada DP0812

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na estrada provincial DP0812, que cruza parte do noso municipio (na parroquia de Lubre) e o veciño de Sada véñense sucedendo unha importante sucesión de accidentes de tráfico que deberan facernos reflexionar sobre se esa estrada merece -por parte da administración que exerce a súa titularidade, a Deputación da Coruña- un estudo do que está a pasar e se procede a hipotética adopción das medidas correctoras que resulten máis acaídas para reducir o problema. Non semella que detrás das causas de tanto accidente estén nin o estado da vía nin o trazado da mesma. Todo apunta, ao noso entender, que a causa fundamental hai que buscala no exceso de velocidade habitual dos vehículos que transitan por esta vía. Dende o noso punto de vista esta DP0812 é a día de hoxe unha das estradas máis perigosas das que forman a nosa rede viaria xeral. En vista do cal propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ACORDO

Único: *Instar á Deputación da Coruña (Servizo de Vías e Obras) a que estude con atención o que está sucedendo nesta estrada e, se é o caso, adopte as medidas correctoras que se estimen máis pertinentes, ou, de ser tamén o caso, se solicite a intervención habitual na zona por parte da garda civil de tráfico.*

En Bergondo, a 16 de marzo de 2023
Asdo:
Juan A. Fariña Pedreira
Voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños".

A Sra. Alcaldesa propón introducir no citado texto unha emenda relativa a parte expositiva da moción, consistente en engadir:

"...Non sendo as estradas provincias en Bergondo as que acumulan accidentes, tal e como se constatou na Xunta Local de Seguridade, recentemente celebrada...".

Así mesmo, propón introducir no citado texto unha emenda relativa a parte dispositiva da moción, de xeito que a mesma quedaría redactada da seguinte forma:

"***ACORDO***

Único*: Solicitar á Depuración, que estude fórmulas de calmado de tráfico nas estradas provincias en Bergondo, especialmente, na DP0812 "Obra de Paño", na DP0807 "Tatín – San Cidre (por Moruxo), na DP0810 "Guísamo – Guilliade" e na DP0801 "A Fraga – O Casal", estradas nas que nos últimos anos se acometeron obras de mellora importantes, e nas que agora se debe procurar unha redución de velocidade."*

O grupo de Alternativa dos Veciños, acepta as emendas propostas, sendo o texto que finalmente se somete a votación do Pleno o que a continuación se transcribe literalmente:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Seguridade viaria na estrada DP0812

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na estrada provincial DP0812, que cruza parte do noso municipio (na parroquia de Lubre) e o veciño de Sada véñense sucedendo unha importante sucesión de accidentes de tráfico que deberan facernos reflexionar sobre se esa estrada merece -por parte da administración que exerce a súa titularidade, a Deputación da Coruña- un estudo do que está a pasar e se procede a hipotética adopción das medidas correctoras que resulten máis acaídas para reducir o problema. Non semella que detrás das causas de tanto accidente estén nin o estado da vía nin o trazado da mesma. Todo apunta, ao noso entender, que a causa fundamental hai que buscala no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

exceso de velocidade habitual dos vehículos que transitan por esta vía. Dende o noso punto de vista esta DP0812 é a día de hoxe unha das estradas máis perigosas das que forman a nosa rede viaria xeral.

En vista do cal, non sendo as estradas provincias en Bergondo as que acumulan accidentes, tal e como se constatou na Xunta Local de Seguridade, recentemente celebrada, propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

***Único**: Solicitar á Depuración, que estude fórmulas de calmado de tráfico nas estradas provincias en Bergondo, especialmente, na DP0812 "Obra de Paño", na DP0807 "Tatín – San Cidre (por Moruxo), na DP0810 "Guísamo – Guilliade" e na DP0801 "A Fraga – O Casal", estradas nas que nos últimos anos se acometeron obras de mellora importantes, e nas que agora se debe procurar unha redución de velocidade."*

O Sr. Fafián Torreiro manifesta que, a moción presentada é máis propia dun grupo da oposición que do propio equipo de goberno. Así pois, considera que o equipo de goberno é o responsable de que, se quere involucrar a toda a Corporación para que un determinado asunto salga adiante, o citado asunto sexa proposto coma unha moción institucional, e non coma unha moción propia da oposición coma neste caso.

A Sra. Alcaldesa sinala que está de acordo en que, cando un forma parte do equipo de goberno, existen outras alternativas para formular as propostas, non obstante, recalca que tamén o PSdG-PSOE ten presentado mocións para dirixirse a outras Administracións.

O Sr. Fariña Pedreira sinala que no texto da moción presentada non se percibe ningún tipo de clave opositora e considera que a emenda proposta enriquece a moción.

O Sr. Carro Temprano manifesta que todo o que sexa mellorar a seguridade viaria do Concello recibirá o seu apoio, con emenda ou sin ela.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame emendado a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor, o ditame emendado que devén en acordo nos termos antes transcritos.

16. MOCIÓN DO GRUPO AV SOBRE O TÚNEL DE A FRAGA (CORTIÑÁN).

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de marzo de 2023, que transcrita literalmente di:

"Juan Antonio Fariña Pedreira, en calidade de voceiro o do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, presenta ao pleno da corporación municipal a seguinte moción, para o seu debate e aprobación:

Túnel de A Fraga, Cortiñán

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de A Fraga (Cortiñán) a estrada provincial DP0105 atravesa por debaixo da vía do tren nun pequeño tramo. Como é de sobra coñecido este paso inferior non ten as dimensións suficientes como para garantir o paso seguro dos viandantes. Trátase dun problema vello cuxa solución non parecería sinxela. Sen embargo, unha observación polo miúdo da zona permite albiscar unha posibilidade que consideramos factible ou -cando menos- merecente de ser estudada coa atención por parte dos responsables da administración ferroviaria. Na parte inmediatamente anterior ao paso existe (na marxe dereita) un terreo "ocioso" e con árbores enfermas que xa se desplomaron ou acabarán facéndoo, con unha anchura moi superior á que cabería presupoñer se o observamos dende a parte inferior. O mesmo sucede do outro lado do túnel, aínda que en menor medida. A posibilidade que semella factible sería a de retirar toda esa enorme masa de terra, que non aporta nada en cando á estabilidade da plataforma da vía. Isto permitiría deixar libre o acceso á parte inferior da via e practicar un paso inferior peonil, seguindo o exemplo ou modelo existente no polígono de Pocomaco. Isto non só permitiría comunicar dúas partes da parroquia que están en certo modo illadas unha da outra dende o punto de vista peonil, senón que ademais facilitaría dispor dunha beirarrúa de maior ancho nun lugar onde é extremadamente estreita, amén de posibilitar algunha praza de aparcamento.

Terreo "ocioso" onde se propón a actuación, lado norte da vía

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Vista panorámica da zona

Obsérvese parte da zona superior e as dimensións (ancho) da mesma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Lado sur da vía do tren.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Exemplo de paso peonil (baixo a vía do tren) en Pocomaco.

En base ao exposto propoñemos os seguintes

ACORDOS:

Único: *Instar ao ADIF a que estude a viabilidade técnica de utilizar parte dos terreos da súa titularidade na zona especificada para a execución dun paso inferior peonil, facilitando o tránsito seguro de viandantes e ciclistas. Se como froito dese estudo se determinase dita viabiliade se acometan, por parte dese organismo, as obras necesarias para facer realidade as mellora propostas.*

En Bergondo, a 21 de marzo de 2023
Asdo: Juan A. Fariña Pedreira
Voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños".

A Sra. Alcaldesa sinala que, a presente, é unha cuestión debatida xa fai tempo e que formaba parte das alegacións que no seu momento se presentaron cando se fixo o estudo do baipás. Así pois, toda vez que a construción do baipás afectaba ao Concello, prantexouse que, como mínimo, se fixera unha inversión nese túnel que presenta unha dificultade importante, xa que os veciños/as están optando por atravesar directamente a vía, co perigo que iso implica.

Por outra banda, sinala que, con independencia de que sexa competencia do ADIF definir a zona máis axeitada, considera que a do túnel peonil constitúe unha boa solución. Así mesmo, en canto ao de dispor de beirarrúas dun maior ancho e ao de habilitar prazas de aparcamento, sinala que son cuestións que se van a solucionar en maior ou menor medida coa reforma da estrada en sentido único que prantexa a Deputación. Así pois, ao facer a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

estrada de sentido único, gañaríase espazo para dotar dunha maior anchura as beirarrúas así como para gañar algunha praza de aparcamento máis.

Por tanto, por considerar que se trata dunha cuestión necesaria, sinala que o seu voto será favorable.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que, ao igual que no caso da anterior moción, parécelle curioso que sexa o propio Concelleiro de infraestruturas, urbanismo e medio ambiente, o que presente esta moción. Así pois, manifesta que esperaba que dende o equipo de goberno se intentara dar solución con anterioridade a un problema que se ven discutindo dende o ano 2014, e que, no caso de que se as demandas non foran escoitadas, que trouxeran unha moción institucional, en vez dunha moción propia da oposición.

O Sr. Carro Temprano manifesta que non ten nada que engadir.

O Sr. Fafián Torreiro pregunta ao Sr. Fariña Pedreira cantas veces reclamou ao ADIF esta cuestión dende que forma parte do equipo de goberno.

O Sr. Fariña Pedreira contesta que fixo innumerables reclamacións e incluso a veces co desgusto da Sra. Alcaldesa.

A Sra. Alcaldesa sinala que a única vez que non estivo de acordo coa actuación do Sr. Fariña Pedreira foi cando se extralimitou nas súas competencias, por non estar dentro das súas funcións falar cos xefes das demarcacións provincias.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

17. MOCIÓN DO GRUPO PP SOBRE OS PLANS DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 27 de marzo de 2023, que transcrita literalmente di:

"O Grupo Municipal Popular de BERGONDO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de marzo publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 150/2023, de 28 de febreiro, polo que se aproban os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas españolas: noratlántica – no que se inclúen as augas mariñas que bañan o litoral de Galicia - sudatlántica, do Estreito e Alborán, levantino-balear e canarias.

Lamentablemente, este acordo volve a evidenciar o escaso interese do actual Goberno de España por chegar a acordos coas Comunidades Autónomas e co tecido produtivo, xa que a planificación aprobada en ningún caso se levou a cabo desde un consenso real coa Xunta de Galicia e dos sectores implicados, é dicir, nin co sector

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

marítimo-pesqueiro, nin tampouco coa industria da eólica mariña.

En consecuencia, o texto aprobado non recollese todas as sensibilidades necesarias para garantir un desenvolvemento da eólica mariña como vector de competitividade e de impulso industrial, sempre e cando existan as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira. Cómpre recordar que a industria galega xa emprega a 1.200 persoas en proxectos de eólica mariña, un segmento de actividade no que somos un referente a nivel mundial e europeo, e que, ademais, ten a aspiración de contar con 8.000 traballadores e traballadoras nos vindeiros anos.

Polo tanto, antes de falar de proxectos concretos, a vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno, Teresa Ribera, debe cumprir o compromiso adquirido co presidente a Xunta e reunirse co Observatorio da Eólica Mariña de Galicia. Constituído en xuño de 2021, o seu obxectivo é servir de foro de diálogo, encontro e análise para a procura da coexistencia e compatibilidade do potencial desenvolvemento da eólica mariña na Orange Restricted

Comunidade con todas as actividades existentes, con especial atención ás actividades marítimo-pesqueiras.

Deste xeito, o Goberno debe rectificar a súa posición e buscar puntos de encontro, sempre baixo a premisa de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña, así como atender as solicitudes feitas desde Galicia:

- Incorporar información máis detallada dos caladoiros existentes e non unha delimitación xeral.

- Explicar por que a vixencia do POEM é ata 2027 cando todo apunta a que os proxectos de eólica mariña serán executados en datas posteriores.

- Aclarar cando ten previsto establecer un marco normativo adecuado e a convocatoria das poxas de lámina de auga para que realmente os promotores poidan presentar os seus proxectos.

- Adoptar un modelo de evacuación da enerxía centralizado, no que se obrigue aos promotores a compartir estas infraestruturas e vaian ao mesmo punto de conexión, evitando afeccións sobre o territorio.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular de BERGONDO insta a acordar por parte do Pleno municipal a:

"O Concello de BERGONDO solicita ao Goberno de España:

1º.- Que xustifique tecnicamente as zonas de alto potencial para o desenvolvemento da eólica mariña incluídas finalmente nos POEM.

2º.- Que explique por que non se consideraron todos os datos asociados á pesca e aos caladoiros.

3º.- Que dea resposta ás opinións do sector marítimo pesqueiro e se reúna cos axentes implicados no eido do Observatorio da Eólica Mariña.

En BERGONDO, a 24 de Marzo de 2023."

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Sra. Alcaldesa sinala que os POEM, para quen non saiba do que se está a falar, trátase da ordenación do espazo marítimo para a colocación de eólicos. Así pois, trátase de delimitar o espazo para que nun futuro se poida levar a cabo a instalación de parques eólicos garantindo os dereitos do sector pesqueiro.

En relación a citada ordenación, sinala que a pesar de que o PSdG-PSOE está a favor da enerxía eólica, como enerxía limpa que debe substituír a outro tipo de enerxías, non pode estar de acordo con todo o exposto polo Sr. Voceiro do Partido Popular, xa que considera que a Xunta si puido opinar e formular alegacións, e de feito as súas alegacións foron aceptadas, excepto a relativa a plataforma experimental na punta langosteira. Así pois, considera que si houbo diálogo e que existe un compromiso da Ministra de recibir ao observatorio da eólica mariña, todo sin atravesar a liña vermella que é a preservación da pesca por riba de todo.

Polo anterior, manifesta que se vai a abster de votar e que é preciso seguir dialogando.

O Sr. Fafián Torreiro manifesta que é importante ter enerxía limpa pero que non se pode pasar por riba do sector pesqueiro, do que vive tanta xente. Así pois, considera que é preciso ter claro que non todo vale e que tal e como está redactado polo de agora non queda de todo claro.

A Sra. Alcaldesa sinala que a liña vermella que non pode ser cruzada é sempre a da preservación da pesca, como un dos principais sectores no noso territorio.

O Sr. Voceiro do Grupo Mixto propón introducir no citado texto unhas emendas relativas a parte dispositiva da moción, de xeito que a mesma quedaría redactada da seguinte forma:

*"**ACORDO***

1. Instar ao goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.

E a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

2. Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólica mariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

3. Instar á Xunta de Galiza a que defensa por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña.

4. Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica."

Así pois, a moción coa emenda proposta polo grupo mixto, quedaría redactada como segue:

"O Grupo Municipal Popular de BERGONDO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O pasado 4 de marzo publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 150/2023, de 28 de febreiro, polo que se aproban os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas españolas: noratlántica – no que se inclúen as augas mariñas que bañan o litoral de Galicia - sudatlántica, do Estreito e Alborán, levantino-balear e canarias.

Lamentablemente, este acordo volve a evidenciar o escaso interese do actual Goberno de España por chegar a acordos coas Comunidades Autónomas e co tecido produtivo, xa que a planificación aprobada en ningún caso se levou a cabo desde un consenso real coa Xunta de Galicia e dos sectores implicados, é dicir, nin co sector marítimo-pesqueiro, nin tampouco coa industria da eólica mariña.

En consecuencia, o texto aprobado non recollese todas as sensibilidades necesarias para garantir un desenvolvemento da eólica mariña como vector de competitividade e de impulso industrial, sempre e cando existan as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira. Cómpre recordar que a industria galega xa emprega a 1.200 persoas en proxectos de eólica mariña, un segmento de actividade no que somos un referente a nivel mundial e europeo, e que, ademais, ten a aspiración de contar con 8.000 traballadores e traballadoras nos vindeiros anos.

Polo tanto, antes de falar de proxectos concretos, a vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno, Teresa Ribera, debe cumprir o compromiso adquirido co presidente a Xunta e reunirse co Observatorio da Eólica Mariña de Galicia. Constituído en xuño de 2021, o seu obxectivo é servir de foro de diálogo, encontro e análise para a procura da coexistencia e compatibilidade do potencial desenvolvemento da eólica mariña na Orange Restricted

Comunidade con todas as actividades existentes, con especial atención ás actividades marítimo-pesqueiras.

Deste xeito, o Goberno debe rectificar a súa posición e buscar puntos de encontro, sempre baixo a premisa de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña, así como atender as solicitudes feitas desde Galicia:

- Incorporar información máis detallada dos caladoiros existentes e non unha delimitación xeral.

- Explicar por que a vixencia do POEM é ata 2027 cando todo apunta a que os proxectos de eólica mariña serán executados en datas posteriores.

- Aclarar cando ten previsto establecer un marco normativo adecuado e a convocatoria das poxas de lámina de auga para que realmente os promotores poidan presentar os seus proxectos.

- Adoptar un modelo de evacuación da enerxía centralizado, no que se obrigue aos promotores a compartir estas infraestruturas e vaian ao mesmo punto de conexión, evitando afeccións sobre o territorio.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular de BERGONDO insta a acordar por parte do Pleno municipal a:

ACORDO

1. Instar ao goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.

E a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

2. Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólica mariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

3. Instar á Xunta de Galiza a que defensa por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña.

4. Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica."

A Sra. Alcaldesa sinala que non pode apoiar a emenda proposta, xa que non está de acordo con que Galicia quede excluída da eólica mariña, ao considerar que é unha oportunidade de ter unha enerxía limpa que non se pode deixar pasar, sempre con todos os matices e cautelas. Así pois, manifesta que non está a favor da emenda nin a favor da retirada dos POEM.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que non ten inconveniente en asumir a emenda proposta xa que, se ben é certo que fan falla enerxías limpas, o certo é que Galicia non ten que ser o reservorio de todos os eólicos do mundo.

O Sr. Fafián Torreiro sinala que dende o ano 2009 estase a producir unha crise enerxética bastante importante no noso país e que é preciso producir enerxía dalgún xeito. Así pois, considera que non se debe excluír a Galicia da oportunidade de rentabilizar este tipo de enerxía.

O Sr. Carro Temprano manifesta que non é preciso que toda a enerxía se xere en Galicia, a cal xa está a producir sete millóns de megavatios máis do que consume.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame na súa redacción orixinal a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total seis (6) abstencións, tres (3) votos favor e (3) voto en contra.

Ao producirse un empate, e consonte co artigo 100.2 do ROF, realízase unha segunda votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total seis (6) abstencións, tres (3) votos favor e (3) voto en contra.

Persistindo o empate trala segunda votación, o ditame non resulta aprobado, por non acadar máis votos afirmativos que negativos.

A continuación, sométese a votación do Pleno o ditame coa emenda proposta, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos en contra e tres (3) votos a favor.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, pola Sra. Alcaldesa declarase rexeitado, por maioría de votos en contra, o ditame coa emenda proposta.

18. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de organización e funcionamento das Entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas dende o 24 de xaneiro de 2023 ao 27 de marzo de 2023, ámbolos dous incluídos, numerados do 64/2023 do 24 de xaneiro de 2023 ao 374/2023 do 27 de marzo de 2023.

19. MOCIÓNS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, manifesta que por razóns de urxencia, incorpora un asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria; xustifica a urxencia, dado que débese enviar á Deputación Provincial o acordo plenario municipal de aprobación dos proxectos modificados e estes mesmos incluidos nos POS +2023, coas esixencias contidas no informe emitido polos Servizos Técnicos provinciais.

Logo da xustificación da urxencia e de conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do ROF, sométese ao voto do Pleno a declaración de urxencia e a procedencia do seu debate; e por unanimidade de votos a favor, o Pleno aprecia a xustificación da urxencia e a procedencia do seu debate.

19.1. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2023. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE: 2022/A008/000041.

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:

"Logo de ver a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre á aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), "POS+2023", recibida o 28 de novembro de 2022, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 228, do 1.12.2022.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Bergondo, en sesión extraordinaria do 13 de febreiro de 2023, polo que se acorda a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2023 da Deputación Provincial da Coruña e se aproban os proxectos de obra de "Ampliación do saneamento da AC-162 en Tatín (Ouces). Concello de Bergondo", "Melloras na praza pública de Santa Marta de Babío" e "Melloras na praza pública de Bergondiño", incluídos no citado plan Base e, así mesmo, o proxecto da obra de "Saneamento no Lugar de Covas (Concello de Bergondo)", incluído no POS Complementario 2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tendo en conta os requirimentos da Deputación Provincial, efectuados a través da plataforma subtel en marzo de 2023, para que se corrixan os proxectos mencionados de conformidade co establecido no informe emitido polos Servizos Técnicos provinciais.

Logo de ver que os proxectos de obra que se inclúen no POS+2023 e o proxecto incluído no POS Complementario 2023 foron emendados, en marzo de 2023, para dar cumprimento aos requirimentos provinciais, proponse ao Pleno, a adopción da seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO. *Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"*** *da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":*

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*100.000,00 €*
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	---
Subtotal gasto corrente	*100.000,00 €*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento total***
Ampliación do saneamento da AC-162 en Tatín (Ouces). Concello de Bergondo	*44.136,81 €*	*49.793,00 €*	--	*49.793,00 €*	*93.929,81 €*
Melloras na praza pública de Santa Marta de Babío	*47.460,23 €*	*53.542,32 €*	--	*53.542,32 €*	*101.002,55 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2023	*91.597,04 €*	*103.335,32 €*	--	*103.335,32 €*	*194.932,36 €*

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só cando sexa***	***Total Concello***	***Orzamento total***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

			deducible nos abastecem. auga potable)		
Melloras na praza pública de Bergondiño	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2022	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*

Aprobar os proxectos corrixidos das obras que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	***PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda***
---	*0*
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	*0*

D. Resumo:

			Concello			
POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		***Deputación***	***Concello***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total concello***	***Orzamento Total***
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2023***	*100.000,00 €*	*93.000,00 €*		*93.000,00 €*	*193.000,00 €*
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	*0*	*0*		*0*	*0*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2023***	*91.597,04 €*	*103.335,32 €*		*103.335,32 €*	*194.932,36 €*
	Achega 2022	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*
C- REDUCIÓN DÉBEDA	***Préstamo 2023***	*0*	*0*		*0*	*0*
D- TOTAL	***Achega 2023***	*91.597,04 €*	*103.335,32 €*		*103.335,32 €*	*194.932,36 €*
	Achega 2022	*91.214,25 €*	*63.029,48 €*		*63.029,48 €*	*154.243,73 €*
	Préstamo 2023	*0*	*0*		*0*	*0*
	TOTAL	***282.811,29 €***	***259.364,80 €***		***259.364,80 €***	***542.176,09 €***

SEGUNDO.- *Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúe o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto corrixido:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	***(A) Orzamento contrata(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)***	***(B) IVE soportado deducible(encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)***	***(C= A-B) Orzamento subvencionable(encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)***
Saneamento no Lugar de Covas (Concello de Bergondo)	*127.829,66 €*	*--*	*127.829,66 €*
TOTAIS	*127.829,66 €*	*--*	*127.829,66 €*

TERCEIRO. *Declarar que o Concello está en trámites de ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e de resolver o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

CUARTO. *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base.*

QUINTO. *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

SEXTO*. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*

SÉTIMO*. Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

OITAVO*. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

Bergondo, 30 de marzo de 2023
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez".

- Sendo ás vinte e dúas horas e dez minutos, antes de someter o asunto a debate e votación, auséntase do Salón da Sesións o concelleiro do grupo municipal do PP, sr. Fafián Torreiro. -

A Sra. Alcaldesa sinala que, cando se celebrou a Comisión Informativa, e tal e como se adiantou na mesma, estábanse a realizar axustes nos proxectos en base aos requirimentos obtidos. Así pois, indica que se deberon variar cuestións mínimas e que, unha vez obtida a aprobación polo servizo de plans da Deputación, aproveitase para traer ao Pleno novamente este acordo, que unicamente varía con respecto ao anterior na contía de 600 euros.

A Sra. Caseiras Arroyo manifesta que o seu voto será favorable.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Carro Temprano manifesta que o seu voto será favorable.

O Sr. Fariña Pedreira manifesta que o seu voto será favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobada, por unanimidade de votos a favor a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos.

20. ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pola Sra. Alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo Mixto a través de Sede Electrónica do Concello, o día 28 de marzo de 2023, con número de rexistro de entrada 202399900001081, foron as seguintes:

1.- ¿En que estado se atopa o estudo encargado con motivo das inundacións no polígono industrial?

2.- A respecto da fonte/lavadoiro da Canteira, en Lubre, ¿téñense dado novidades ao respecto do proceso xudicial aberto?

3.- Recentemente publicouse a oferta de emprego público do Concello para 2023, máis esta non inclúe as prazas de conserxe do CPI Cruz do Sar e a de encargado do departamento de obras ¿poden explicarnos esta cuestión?

4.- ¿Ten o Goberno Local presentado algún proxecto ao Fondo de Compensación Ambiental que ven de tramitarse recentemente?

5.- A respecto do peche perimetral da unitaria de Lubre que continua sen reparar, ¿que prazos se manexan para a súa restauración?. É importante axilizalo no posible dado que se trata de nenos e nenas de moi curta idade.

6.- ¿ A canto ascenden as sancións anunciadas polo Goberno Local ao Arzobispado e a Xunta de Galicia polo estado de conservación da rectoral de Guísamo e do edificio do antigo Ligal respectivamente? No caso do Arzobispado ¿ténselle advertido tamén do mal estado da rectoral de Cortiñán?

7.- Recentemente, unha empresa da localidade de certa entidade, con 14 persoas empregadas e arredor dun millón de facturación anual, dedicada ao transporte e axencia de viaxes, trasladounos as súas queixas debido a que o Concello non conta con ela, se queira pedir orzamentos. ¿Poderían explicarnos a que se debe esta situación?

1.- ROGO. Se limpen o antes posible as beirarrúas de Armuño e A Campiña, debido ao seu estado actual.

2.- ROGO. Se inste ao Consorcio As Mariñas a mellora das bases onde se sitúan os contenedores do lixo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cando se fixeron tiñan unha cadea no fronte para que os contenedores non os levara o aire, hoxe case non queda ningunha, este inverno en días de forte vento algúns causaron problemas.

3.- ROGO. O semáforo situado na estrada N-VI fronte ao restaurante Chiquitero en Guísamo. leva varias semanas que está inoperativo, en ámbar, non cumprindo así a súa función e afectando a seguridade. Rogamos se revise na maior brevidade posible.

A continuación, os rogos e preguntas presentadas polo Partido Popular a través da Sede Electrónica do Concello, o día 28 de marzo de 2023, con número de rexistro de entrada 202399900001093, foron as seguintes:

1.- ¿ Están levando a cabo algún expediente de execución subsidiaria de limpeza de fincas para dar cumprimento a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia? ¿ En que estado se atopan? ¿Rematouse algún deles? ¿ Tense imposto algunha sanción?

2.- Os veciños de Cortiñán (zonas do Bosque, Campos e Casal) trasladáronnos moitas deficiencias nos asfaltados de aglomerado, ¿Que ocorreu? ¿Como o van a solucionar? ¿Pasou o proceso de calidade?

3.- As beirarrúas da senda de Vixoi recentemente executadas estanse afundindo. ¿Que ocorreu, porqué se producen estes defectos nunha obra de fai uns meses? ¿Como o van a solucionar?

4.- En Gandarío, na baixada a Sada, tamén están as beirarrúas esnaquizadas e incluso unha muller caeu e sufriu lesións. ¿Poden proceder a reparalas? ¿Cando podemos dicirlles aos veciños que o solucionarán?

5.- No cemiterio de Guísamo, na parcela municipal que sirve de aparcadoiro existen fochancas que dificultan o acceso aos vehículos. ¿Poden adecentar a zona?

6.- ¿A implementación da fibra óptica do Concello en que estado se encontra?

7.- ¿Algún avance co proxecto de contención de taludes no Regueiro? ¿Cales son as últimas xestións que se realizaron?

8.- Aínda non repararon o muro de peche da Escola Unitaria de Lubre e xa van a rematar as clases. ¿Para cando teñen previsto solucionalo?

9.- ¿Tivo entrada xa no Concello o proxecto de construción da área comercial de San Cidre? ¿Por que non avanza a aprobación da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de San Cidre?

10.- ¿Saben xa en que datas virá o autobús “porta a porta” do Sergas que ofrece aos veciños os servizos de fisioterapia, podoloxía e audición de balde?

1.- ROGO. Rogo poñan en coñecemento de quen corresponda que o castelo/batería de Corbeiroa sufriu desprendementos.

Esta acta foi gravada con vídeo. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000003 a dita gravación en formato mp4. A pegada dixital desta gravación de vídeo é a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6550c77cca58e5c0302c38c0034f04054168c2b7e03ae8063df63fbd4272b927

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000003 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

f591a7fd0ef387bf748bd87a03e33c0d94f23cbf5b9c944ec052042298f65afe

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e sete minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria xeral
Ana Mª Cacharrón Castelos

Vº. e Pr. A Alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez

CVD: EwoFYq7eNRNR6R00fkVD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)